

X EDICIÓN PREMIO DE ENSAIO SUBVERSIVO GUILLERMO DOMÍNGUEZ**BASES****1. Participación**

Este concurso ábrese á participación de estudantes de ensino secundario de toda a comunidade autónoma galega matriculados nos niveis do BACHARELATO durante o curso 2021-22, non podendo presentarse quen obtivera algún premio en edicións anteriores do certame.

2. Temática

O tema será libre e único, pero preferiranse os traballos de imaxinación crítica, na liña da esencia do premio, aos de carácter erudito ou estritamente científico. Deben ser totalmente orixinais e inéditos, e a evidencia dun plaxio, total ou parcial, suporá a descualificación do concursante. Non haberá limitación formal ningunha, sempre que se axusten á presentación dun problema ou tese e a súa argumentación.

3. Formato

Cada participante presentará un único traballo, en lingua galega, cunha extensión non inferior a catro páxinas Din-A4 e non superior a doce páxinas Din-A4, e segundo as seguintes directrices: letra Times New Roman ou Arial, tamaño 12, espazo de interliñado 1'5.

4. Prazo de admisión

O prazo de admisión dos traballos comezará o **1 de Marzo de 2022** e estará aberto até o **30 de Xuño** do mesmo ano.

5. Presentación dos traballos

A través de correo postal, presentaranse en sobre pechado un **exemplar en papel**, impreso por unha soa cara, xuntando o mesmo documento en **soporte dixital** (CD-ROM, pendrive ou similares) en formato PDF. No exterior, ademais do enderezo ao que se remite, farase constar o título do texto e o pseudónimo elixido polo concursante. En ningún caso, estes documentos terán datos que poidan permitir recoñecer ao seu autor o autora, posto que se quere garantir o anonimato.

Ademais, deberase incluír no sobre principal outro sobre máis pequeno. No seu exterior aparecerá o pseudónimo e o título do ensaio, e no interior faranse constar os datos persoais que identifiquen ao autor e forma de contacto (correo electrónico ou teléfono), indicando tamén o centro educativo ao que pertence.

Remítase todo a IES Arcebispo Xelmírez I indicando no sobre “X Premio Ensaio Subversivo “Guillermo Domínguez”, Rúa Poza de Bar s/n C.P. 15705-Santiago de Compostela.

Para aclarar calquera dúbida poderase consultar co centro educativo en ies.arcebispo.xelmirez@edu.xunta.gal ou nos 881866962 ou 881866964.

6. Xurado

Estará formado por filósofos@s, intelectuais e pensadores e pensadoras, até un máximo de cinco persoas, nomeados polas entidades convocantes, e poderá declarar os premios desertos ou facer nomeamentos específicos se a calidade dos traballos así o esixir. A resolución farase pública durante o mes de setembro de 2022 e será inapelábel.

7. Premios

Fallaranse e motivaranse:

-Primeiro Premio: dotado con 500 euros, dos que se farán as deducións correspondentes ao IRPF se fose preceptivo.

-Segundo Premio: dotado con 200 euros, dos que se farán as deducións correspondentes ao IRPF, se fose preceptivo.

A data de entrega dos premios comunicaráse ao alumnado gañador polos medios que se indiquen no sobre de plica. Cómpre recoller o premio persoalmente no acto de entrega, agás falta xustificada documentalmente.

Así mesmo, os ensaios gañadores e os que tivesen mención especial publicaranse na páxina web do instituto e nunha edición especial en formato papel.

8. Aceptación das bases.

A concorrencia ao certame presupón a aceptación destas bases.

Asdo: Manuel Portas Fernández
Presidente do Colectivo Xelmírez